



CONCELLO DE REDONDELA

**PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN 2019
CONVOCATORIA VERÁN**

- Normativa de funcionamento -

1.- INFORMACIÓN XERAL.

Poboación destinataria	Menores con idades comprendidas entre os 3 e 14 anos.
Requisitos	Que a/o menor teña entre 3 e 14 anos (incluído as/os menores que teñan a idade esixida no momento da publicación da convocatoria). No caso de menores con necesidades educativas especiais avaliarase cada solicitude de maneira individual.
Días	Do 1 ao 31 de xullo de 2019 (de luns a venres, días hábiles).
Horario	De 09.00 a 14.00 horas.

2.- CENTROS E PRAZAS.

Cabeiro: Centro cultural de Cabeiro.	15 prazas
Cedeira: Centro cultural de Cedeira.	30 prazas
Cesantes: Círculo cultural de Cesantes.	15 prazas
Chapela: Asociación cultural de Cidadelle.	15 prazas
Chapela: Multiúsos.	15 prazas
Negros: Asociación de veciños de San Esteban de Negros.	30 prazas
O Viso: Antiga Escola de Tuimil.	15 prazas
Reboreda: Sociedade labrego cultural de Reboreda.	15 prazas
Redondela: Multiúsos.	30 prazas
Redondela: Pousadouro.	45 prazas
Saxamonde: Asociación de mulleres Arela de Saxamonde.	30 prazas
Ventoseira: Asociación cultural A Miñoteira.	15 prazas
Vilar de Infesta: Centro cultural de Vilar de Infesta.	30 prazas

Na Ficha de inscrición é obrigatorio marcar con número 1 a primeira opción, con número 2 a segunda opción e con número 3 a terceira opción.

3.- INSCRICIÓN.	
Prazo de presentación de solicitude	Do 15 ao 31 de maio (ambos dous días incluídos).
Lugar de presentación de solicitude	Rexistro xeral do Concello de Redondela.
Publicación da listaxe de menores admitidas/os	18 de xuño (na páxina web e nas oficinas do CIM).

4.- GRUPO FAMILIAR.
<p>Grupo 1.-</p> <p>a) Familia monomarental/monoparental coa persoa proxenitora en situación de emprego.</p> <p>b) Familia cunha persoa dependente a cargo con grado 2 ou 3 de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia.</p>
<p>Grupo 2.- Familia na que as dúas persoas proxenitoras están en situación de emprego.</p>
<p>Grupo 3.- Familia na que unha das persoas proxenitoras está en situación de emprego.</p>
<p>Grupo 4.- Calquera outro suposto.</p>
<p>A elección de grupo será verificada a través da documentación que acompaña á solicitude. En caso de non ser posible, a solicitude tramitarase no <i>Grupo 4.- Calquera outro suposto</i>.</p>

5.- DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA Á SOLICITUDE.
Libro de familia.
Xustificante de ingresos: última nómina, último recibo de pago de cota de autónomo ou resolución de prestación.
Sentenza de separación ou divorcio ou convenio regulador (en caso de familia monomarental/monoparental).
Documento de recoñecemento da situación de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia (en caso de familia con persoa dependente a cargo).
<p>Importante: Presentarase fotocopia da documentación esixida sen alteración algunha (borrado, tachado...). En caso contrario, non será tida en conta para a valoración da solicitude.</p>



CONCELLO DE REDONDELA

6.- FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA.

- ✓ No caso de que exista un número de solicitudes superior ao de prazas que se ofertan en cada centro, terán prioridade as/os participantes cuxa nai, pai ou titor/a legal estea empadroada/o no concello de Redondela cunha antigüidade de como mínimo un ano.
 - ✓ As/Os menores con 3 anos de idade só poderán seleccionar os centros Redondela (Multiúsos) ou Chapela (Multiúsos).
 - ✓ Os teléfonos de contacto recollidos na ficha de inscrición deberán estar sempre en modo operativo dende o momento da presentación da solicitude ata o remate do Programa. No caso de producirse algún cambio dos números de contacto durante o desenvolvemento do Programa, deberase comunicar esta circunstancia inmediatamente no CIM.
 - ✓ O horario do Programa é de 09:00 a 14:00 horas, non podendo ser modificado, salvo causa xustificada e aceptada polo Concello de Redondela.
 - ✓ As/Os menores unicamente poderán saír con algunha das persoas autorizadas para tal efecto na ficha de inscrición no Apartado 2.- *Datos*.
 - ✓ As/os menores deberán levar merenda para a media mañá e acudir con roupa e calzado cómodo para facilitarlles a realización dos xogos de movementos.
 - ✓ As faltas de asistencia deberán ser comunicadas e xustificadas, no seu caso, ao monitorado ou no CIM. Contar con tres faltas sen xustificar supón a perda automática da praza.
 - ✓ Calquera aviso, incidencia ou información será comunicada ao monitorado ou no CIM.
- Teléfono do CIM: 986 40 80 43.**